



Sindicato
Profesional
de Xustiza

VACACIÓNS 2025: QUÉ PASA CO PROGRAMA?

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO Galicia, CIF G15380033, no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos en Galicia, con enderezo electrónico spjusogalicia@gmail.com, e domicilio a efectos de notificacións no local sindical sito no novo edificio xudicial en Vigo (Cidade da Xustiza), por medio do presente expón a medio de denuncia os seguintes **FEITOS**:

- I. Chegado o día 20 de maio de 2025 inda non temos noticias do programa de vacacións deste ano. No ano 2024, a estas alturas xa estaba publicado cun período de finalización de solicitudes para as vacacións de verán o 31 de maio.
- II. Temos multitude de compañeiros que por razón de conciliación necesitan de forma urxente facer as súas petición de vacacións de verán.

Desde este sindicato entendemos que a Dirección Xeral de Xustiza non pode escudarse para non publicar o plan de vacacións, no procedemento para o desenvolvemento da reordenación de efectivos incluídos na fase I da NUMO.

En primeiro lugar, a fase I unicamente afecta os xulgados de Paz e os xulgados mixtos das vilas, quedando as cidades o marxe deste procedemento de reordenación.

No caso dos xulgados das vilas, entendemos que o proceso de reordenación de efectivos **nunca** pode ser a costa dos dereitos dos traballadores e traballadoras desas localidades. Moitos destes traballadores necesitan coñecer con antelación o seu período de vacacións para poder conciliar a súa situación familiar como laboral.

SPJ-USO entende que non é razoable nin xustificable a demora na concesión das vacacións dos compañeir@os por mor da implantación da nova oficina xudicial en contra dos dereitos dos traballadores e mais en tendo en conta que temos constancia de que noutras CCAA estanse a tramitar as vacacións regularmente e sen problema ningún.

E polo tanto SOLICITAMOS que se publique de forma inmediata o PLAN ANUAL DE VACACIÓNS 2025.

Ado.: Alberto Fernández Rey en representación de SPJ-USO.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 – Belén 622216341 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 - Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Niilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@facuso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 – Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo